



ASISTENTES:

ÁBALOS DÍAZ, ELISA
ALBERTE PIVIDA, RODRIGO
ALBO LÓPEZ, ELENA
ALÉN GONZÁLEZ, M^a. ELISA
ÁLVAREZ MOREIRA, JOSÉ ÁNGEL
ANAYA REVUELTA, INMACULADA
ANEIROS PEREIRA, JAIME
ARDID DE CABO, ANA
ARIAS SÁNCHEZ, PEDRO
BADAOUÍ FERNÁNDEZ, AÍDA
BARCIA RODRÍGUEZ, IGNACIO
BARREIRO RODRÍGUEZ, ROCÍO
BASALO DOMÍNGUEZ, DAVID
BERGARECHE GROS, ALMUDENA
BERMEJO ARRIETA, NATIVIDAD
BLANCO PESQUEIRA, ANTONIA
BLANCO SIERRA, JAVIER
BRAVO BERNÁNDEZ, JORGE
BUENO ALONSO, JORGE LUIS
CABALLERO RÚA, ARMANDO
CABELLO PÉREZ, M^a. PALOMA
CABEZA PEREIRO, JAIME
CALVO RUBIAL, NATIVIDAD
CANCELA OUTEDA, CELSO
CAPARRINI MARÍN, NATALIA
CARBALLO GONZÁLEZ, ÁNGELES
CEBRO RODRÍGUEZ, XOÁN MANUEL
COMESAÑA GONZÁLEZ, BRAIS
COSTA GONZÁLEZ, ALICIA
COUTO DARRIBA, JESÚS
CURRÁS VALLE, CONSUELO
DE LORENZO RODRÍGUEZ, M^a EDITA
DEL VAL GARCÍA, JESÚS
DOMÍNGUEZ CASTRO, LUÍS
DOMÍNGUEZ GONZÁLEZ, HERMINIA
DOVAL RUÍZ, MARÍA ISABEL
ENRÍQUEZ SALIDO, M^a. DEL CARMEN
ESTÉVEZ TORANZO, MARGARITA
EXPÓSITO GONZÁLEZ, BENEDICTA
FALAGÁN MOTA, JORGE
FARIZA NÓVOA, MARÍA
FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, FEDERICO
ALBERTO
FERNÁNDEZ FUSTES, M^a. DOLORES
FERNÁNDEZ JAUREGUI, MANUEL
FERNÁNDEZ LÓPEZ, FRANCISCO JAVIER
FERNÁNDEZ SOUTO, ANA BELÉN
FERRO SOTO, CARLOS
FRAIZ BREA, JOSÉ ANTONIO
GALLEGO VEIGAS, PEDRO PABLO
GÁNDARA PÉREZ, JOSÉ ANTONIO
GARCÍA FONTÁN, SOLEDAD
GARCÍA GONZÁLEZ, MARTA
GIL MARTÍN, EMILIO
GODOY MALVAR, EDUARDO
GONZÁLEZ BELLO, MARCOS
GONZÁLEZ DOPAZO, LOIS
GONZÁLEZ HERNÁNDEZ, MARGARITA
GONZÁLEZ PILLADO, ESTHER M^a.
GONZÁLEZ PIÑEIRO, PATRICIA
GRAÑA RODRÍGUEZ, ANA MARÍA
GRANDE SEARA, PABLO
GUTIERREZ NIETO, MANUEL
IGLESIAS DOMÍNGUEZ, RAQUEL M^a.
LAMEIRAS FERNÁNDEZ, MARÍA
LOECK HERNÁNDEZ, JUAN
LONGO GONZÁLEZ, M^a. ASUNCIÓN
LORENZO CIMADEVILA, ENRIQUE

Acta da sesión ordinaria do Claustro Universitario da Universidade de Vigo, convocada para o día 17 de xuño de dous mil trece, ás 9:30 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 horas en segunda, no Paraninfo da Reitoría da Universidade de Vigo.

O día **17 de xuño de 2013**, ás 10:10 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Claustro Universitario co obxecto de tratar a seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 17 de decembro de 2012.
2. Informe do reitor.
3. Informe do presidente do Tribunal de Garantías sobre o ano 2012.
4. Posicionamento do Claustro sobre a aplicación de rebaixa salarial imposta pola Xunta de Galicia.
5. Elección do seguinte posto na Mesa do Claustro:
 - a. Sector PDI-B: 1
6. Elección dos seguintes postos no Consello de Goberno:
 - a. Sector Decanos-as/Directores-as: 5
7. Elección dos seguintes postos no Tribunal de Garantías:
 - a. Sector Estudantes: 1
8. Elección dun posto na Comisión de Reclamacións.
9. Rogos e preguntas.

Con carácter previo, o reitor informa dos seguintes acordos adoptados pola Mesa do Claustro ao inicio da sesión:

1. Autorizar os pedimentos de palabra solicitados polos seguintes membros da comunidade universitaria: Ángel Rodríguez Gallardo, José Santiago Santos García, Arturo Parada Diéguez e Bienvenido Díez Ferrer.

2. Ordenar alfabeticamente os pedimentos de palabra: de acordo co establecido no artigo 16 do Regulamento do Claustro, procedeuse a sortear a letra, sendo a letra sorteada o G.

3. Determinar o tempo de cada intervención: acordase dar un límite de tempo máximo de 5 minutos e 3 minutos á quenda de réplica (art. 16.4.e).

MANDAYO FERNÁNDEZ, LORENZO
 MARTÍN ORTEGA, ELENA BEATRIZ
 MARTÍNEZ PIÑEIRO, MANUEL
 MATO DE LA IGLESIA, SALUSTIANO
 MEANA MARTÍNEZ, JUAN CARLOS
 MÉNDEZ ABELLEIRA, BEGOÑA
 MOJÓN OJEA, ARTEMIO
 MOLLINEDO LOIS, CARLOS
 MORÁN MARTÍNEZ, M^a PALOMA
 MOURE RODRÍGUEZ, MARÍA JOSÉ
 MUÑOZ LÓPEZ, LUÍS
 NIETO FAZA, OLALLA
 NIETO PALMEIRO, ÓSCAR
 NOMBELA CASTAÑO, MIGUEL ÁNGEL
 NOVOA FERNÁNDEZ, YOLANDA
 PAJARES DOMÍNGUEZ, SERGIO
 PAZ DOMONTE, ENRIQUE
 PAZ LÓPEZ, JOSÉ
 PAZÓ MARTÍNEZ, M^a CONSUELO
 PEREIRA DOMÍNGUEZ, ALEJANDRO
 PÉREZ COTA, MANUEL
 PÉREZ DIZ, ÁNGEL EDUARDO
 PÉREZ GÓMEZ, LUÍS
 PÉREZ LORENZO, MOISÉS
 PÉREZ TRASEIRA, BEATRIZ
 PRADA RODRÍGUEZ, JULIO
 QUINTÁS CORREDOIRA, M^a. ANGELES
 RAMA MARTÍNEZ, M^a ESPERANZA
 RAMOS CABRER, MANUEL
 REY GARCÍA, DANIEL
 REY LOSADA, FRANCISCO JESÚS
 RÍOS SANTOMÉ, MARÍA JOSÉ
 RIVAS CONDE, FILEMÓN
 RODRÍGUEZ DE PRADO, FRANCISCO
 RODRÍGUEZ MÉNDEZ, MIGUEL ENRIQUE
 ROMO PÉREZ, VICENTE
 RUBIÑOS LÓPEZ, JOSÉ ÓSCAR
 SÁEZ OCEJO, JOSÉ LUIS
 SÁNCHEZ BELLO, PATRICIO ALFREDO
 SIEIRO VÁZQUEZ, M^a. DEL CARMEN
 SIOTA ÁLVAREZ, MÓNICA
 VALDERRAMA SANTOMÉ, MÓNICA
 VALDÉS PEÑA, MARÍA DOLORES
 VALEIJE ÁLVAREZ, M^a. INMACULADA
 VALLEJO POUSADA, RAFAEL
 VÁZQUEZ DORRÍO, JOSÉ BENITO
 VÁZQUEZ LÓPEZ, EZEQUIEL M.
 VÁZQUEZ OTERO, MARÍA ELSA
 VÁZQUEZ RODRÍGUEZ, MARÍA UXÍA
 VÁZQUEZ VICENTE, XOSÉ H.
 VELEIRO PINAL, IVÁN
 VERA ISASA, MARÍA
 VILA ALONSO, M^a DE LAS MERCEDES
 DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:
 GIL VILLANUEVA, JOSÉ M^a
 GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, M^a. ÁFRICA
 GONZÁLEZ PIÑEIRO, LUIS
 LAGO FERREIRO, ALFONSO
 MUÑOZ DUEÑAS, M^a DEL PILAR
 PINO JUSTE, MARGARITA R.

O reitor informa que o proceso electoral pode comezar dende o inicio da sesión do Claustro, de modo que todos os claustrais poden proceder a depositar o seu voto durante toda a sesión.

Informa, que cando se chegue aos puntos relativos ás eleccións, daranse 15 minutos para que os membros da Mesa e os claustrais que non votaron o podan facer; tamén, que non se van realizar todas as eleccións convocadas, xa que para a Mesa do Claustro e para a Comisión de Reclamacións só se presentou unha candidatura.

As eleccións que hai que realizar son:

1. Representantes de Decanos/Directores no Consello de Goberno:

Hai 5 postos. Poderán votar todos os claustrais. Cada claustral votará como máximo ao 70% dos candidatos que deben ser elixidos, é dicir, a 4. E de acordo coas “Normas de paridade na composición dos órganos previstos nos Estatutos e nas comisións delegadas de Consello de Goberno”, cada elector ou electora poderá votar, como máximo, ao 60% das candidaturas de un dos xéneros, polo que só poderá votar a cada xénero, como máximo, a 2.

Hai dúas urnas: unha para que voten os estudantes e o PAS e a outra para que vote o persoal docente e investigador.

As papeletas son de cor branca.

2. Representantes de estudantes no Tribunal de Garantías:

Hai 1 posto. Só poderán votar os estudantes claustrais. Cada estudante claustral votará, como máximo, a 1 candidato ou candidata.

As papeletas son de cor rosa.

Punto 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 17 de decembro de 2012.

Apróbase por asentimento.

Punto 2. Informe do Reitor.

O reitor comeza o informe dando conta do cambio no equipo de goberno da Universidade de Vigo, motivado pola renuncia do vicerreitor de Extensión Universitaria. No pasado mes de abril as competencias desta vicerreitoría foron asumidas, xunto coas de relacións internacionais, polo vicerreitor de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais, Manuel Fernández Iglesias (art. 61 dos Estatutos).

Respecto das convocatorias de prazas na Universidade, da conta da evolución da situación en función das comunicacións recibidas desde diferentes instancias autonómicas e estatais. Non mes de xaneiro, se recibiu unha comunicación da dirección xeral de custes de persoal e pensións públicas, dependente do Ministerio de Facenda, na que se indicaba que as prazas de promoción de profesores titulares a catedráticos ou de contratados doutores a profesores titulares non poden ser consideradas promoción interna, xa que a praza podería ser ocupada por profesores doutras universidades ou por persoas coa acreditación correspondente que non pertencen a ningunha categoría de profesorado. Computan, polo tanto, na taxa de reposición. Engádesse a imposibilidade de que as prazas non computen unha vez comprobado que foron ocupadas por persoal funcionario que xa estaba como tal na propia universidade.

Respecto do profesorado contratado, a Xunta de Galicia recibiu a solicitude de prazas da Universidade de Vigo. Con posterioridade, recibíronse desde as consellarías de Facenda e Educación diversas comunicacións que se referían á necesidade de encher diversos formularios de xustificación de todas as prazas, incluídas as de substitución temporal, atendendo a criterios de dedicación do profesorado. Durante o mes de maio, e no transcurso dunha xuntanza na Consellaría de Educación, fomos informados da existencia de recursos do Ministerio de Facenda a prazas de profesorado contratado doutor, convocadas desde as comunidades autónomas. Estes recursos fundaméntanse na imposibilidade de convocatoria de calquera praza de persoal laboral fixo durante o ano 2013, para o que non existiría taxa de reposición. A data de hoxe, aínda non temos recibida nova información sobre as prazas autorizadas para convocar no ano 2013.

No mes de marzo recibíuse unha chamada desde o Consello de Contas de Galicia, comunicando que, por indicación do Tribunal de Contas, se vai levar a cabo unha auditoría das universidades públicas, que comezará polo envío dun cuestionario. Na Universidade de Vigo aínda non foi recibido ese cuestionario, do que xa dispoñen outras universidades españolas. Trátase dun cuestionario moi extenso que, ademais de consideracións orzamentarias, incide de xeito moi concreto na dedicación do profesorado á docencia.

Continúa o reitor dicindo que no mes de febreiro pasado se fixo público o informe sobre universidades, encargado polo Ministerio de Educación a unha comisión de expertos. A este respecto, no último Consello Galego de Universidades, fomos informados de que desde o ministerio se pretende rematar os trámites da LOMCE antes de iniciar o debate sobre a reforma das universidades, que comezaría no primeiro semestre de 2014.

A pasada semana, a través da prensa, tivemos coñecemento da conxelación dos prezos públicos para estudos universitarios en Galicia. Esta é unha nova que celebramos e aplaudimos sen reservas. Igualmente, tivemos novas dun incremento nas bolsas de estudo en Galicia, que podería

paliar, cando menos en parte, a gran diminución das contías e o incremento na esixencia académica que aparece no borrador de bolsas do MEC.

Anuncia que a súa intervención e posición sobre a rebaixa salarial imposta pola Lei de orzamentos, de 28 de febreiro, dará conta no punto catro da orde do día.

Punto 3. Informe do presidente do Tribunal de Garantías sobre o ano 2012.

O reitor cede a palabra ao presidente do Tribunal de Garantías, quen seguidamente di que en cumprimento da normativa da lectura ao informe, que figura no **Anexo I**.

Ao fío do informe, vai dando conta do número de expedientes, as temáticas máis habituais e o número de recomendacións elevadas ao equipo reitoral. Alertou do forte incremento rexistrado no número de solicitudes de intervención por parte do Tribunal de Garantías. Sinalou que o aumento da conflitividade é coherente cos tempos de crise que padecemos pola conseguinte perda de dereitos, indefensión, desalento e crispación que a diario se xera. Agradeceu as respostas positivas, aínda que citou casos puntuais de demora e silencios inxustificadas. Igualmente, reclamou cambios no regulamento de funcionamento do Tribunal de Garantías, un maior recoñecemento e mellora do status universitario dos membros de devandito tribunal que actualmente non goza de remuneración nin recoñecemento de desgravacións docentes. Ao mesmo tempo, recomendou unha maior visibilización da sé do Tribunal dentro da universidade, polo que solicitou que se proceda á sinalización no campus do seu emprazamento dentro do edificio do CACTI.

Recordou que o Tribunal de Garantías non é unha instancia inquisitorial e que o seu único obxectivo é solucionar problemas, mediar e corrixir abusos de funcións. Nesta liña, solicitou apoio e colaboración por parte do equipo reitoral.

Para rematar, expresa o seu máis enérxico e contundente rexeitamento á redución salarial imposta desde a Xunta de Galicia. Un rexeitamento que estendeu a todo o rosario de reformas coas que se está a minguar os dereitos de toda a comunidade universitaria. Remata á súa intervención coa lectura do comunicado de rexeitamento dos tres reitores sobre o recorte salarial (**Anexo II**); o devandito comunicado é preámbulo do debate que se abre no punto 4 da orde do día.

Punto 4. Posicionamento do Claustro sobre a aplicación de rebaixa salarial imposta pola Xunta de Galicia.

O reitor solicita os pedimentos de palabra e recorda que, de acordo ao exposto ao inicio, as quendas de palabra seguen a orde de apelidos que comeza pola letra G, e os tempos establecidos para a intervención dos claustrais son de cinco minutos e 3 para a quenda de réplica.

Intervén o Prof. Pedro Pablo Gallego como portavoz da Asociación de Profesores Titulares de Universidade (**Anexo III**). Comeza a súa intervención dicindo que poida que o axuste salarial forme parte das condicións do rescate a España, pero rexeita que a citada rebaixa afecte ao complemento autonómico de excelencia curricular docente e investigadora; ao seu xuízo supón castigar ao PDI que máis traballa e dixo que “o café para todos xera desafección e inxustiza, e que

vai contra a filosofía da Universidade de Vigo”. Expón, que respectarán todas as actuacións contra a aplicación da norma e pediu que se lles compense. Engadiu, que segundo as fontes consultadas, o recorte salarial debería afectar só ao complemento específico, pero que isto implicaría reducir só a masa salarial un 4% en lugar do 5% esixido pola Xunta; e que isto obrigou a tocar outros complementos como o de excelencia curricular. Mostra o seu desacordo e pide que os servizos xurídicos analicen a norma por si puidese ser lesiva. Solicita unha estratexia corporativa para crear fórmulas que permitan substituír a perda económica dos complementos de excelencia curricular.

Intervén o Sr. Sergio Pajares. Comeza dando lectura aos artigos art. 37 e 38 da Lei 28 de febreiro de 2003, onde se expoñen, entre outros, os criterios que deben rexer o axuste retributivo ao persoal de administración e servizos, funcionario e laboral. Como punto de partida di que a CIG-Funcionarios móstrase contraria á rebaixa salarial do 5,4% (5% nas retribucións dos traballadores) que a Xunta de Galicia lles impón ás universidades galegas a través da Lei de Orzamentos da Comunidade Autónoma Galega para o ano 2013; a continuación expón as razóns polas que considera que a rebaixa salarial non debe afectar aos complementos de antigüidade do PAS funcionario, por canto ditos complementos foron recoñecidos no seu día para equiparar o PAS Funcionario ao PAS laboral. Que a interpretación que fai da Lei o equipo de goberno e insostible, porque prexudica ao persoal que menos cobra da Universidade de Vigo. Reprocha que o día da aprobación da lei se convocara unha folga de catro horas que non foi apoiada polo equipo reitoral; que ao seu xuízo o comunicado dos reitores contra o recorte salarial é un lavado de cara e que se é certo que o reitor apoia as súas pretensións, que o demostre con accións máis alá de declaracións retóricas, poñéndose á fronte das reivindicacións e non incluíndo dentro dos descontos salariais o correspondente ao complemento de antigüidade do PAS Funcionario.

Intervén o Sr. Arturo Parada Diéguez, representante sindical da UGT; reprocha a falta de información e transparencia na adopción de criterios para proceder a rebaixa salarial; tamén criticou que non se convocou aos sindicatos cando a Xunta discutiu os orzamentos. Anunciou que solicitarán a Instrución da Dirección xeral de planificación e orzamentos, de 18 de abril de 2013, que recolle os criterios interpretativos sobre o axuste retributivos e que a impugnarán xudicialmente. Termina expresando o seu rexeitamento e reclamando máis transparencia nas negociacións.

Intervén o Prof. Ángel Rodríguez Gallardo, quen informa que o día 4 xuño de 2013 tivo lugar unha reunión da asemblea pola defensa da Universidade de Vigo, na que un grupo de PDI, PAS, investigadores e estudantes da Universidade de Vigo acordou opoñerse á rebaixa salarial do 5,4 % dos salarios dos traballadores e das traballadoras da Universidade de Vigo. Que na devandita reunión, decidiron determinadas accións das que dá conta o documento que quere que conste en acta. Entre as accións de protesta recóllense un elevado número de firmas de profesores e profesoras que piden que paren as medidas de axuste (331); 18 profesores e profesoras que anuncian a dimisión dos seus cargos, e 8 que consideran a non entrega de actas. Aporta o documento para que conste na acta (**Anexo IV**).

Igualmente solicita ao equipo reitoral:

- A paralización inmediata da rebaixa salarial que, ao seu xuízo, ten que ser debatida no Consello de Goberno, por canto é o órgano encargado de tomar esas decisións.

- Que os procesos de negociación nas mesas do PDI sexan máis leais e transparentes.

- Que, en todo caso, o aforro orzamentario se faga recortando altos cargos. E criticou a publicación de vídeos promocionais, algún deles machistas e contrario ao Plan de igualdade da Universidade de Vigo.

Reclamou a desobediencia civil para negar lexitimidade a unha norma que non pasou polo Consello de Goberno

Intervén o Sr. José Santos García, presidente da Xunta do PAS funcionario, para rexeitar os recortes da Xunta de Galicia; manifesta que non entende a interpretación restritiva que fai o equipo xerencial da norma de 28 de febreiro de 2013, le o comunicado que figura como **Anexo V**.

Intervén Ana Ardiz para dicir que rexeita a rebaixa salarial; que apoiará calquera medida de presión que fagan os traballadores e traballadoras da Universidade.

Intervén o Prof. Jaime Cabeza, quen comeza agradecendo a introdución do punto 4 na orde do día. Seguidamente, súmase ao comunicado dos reitores, de rexeitamento dos recortes. Sinala, que a lei de orzamentos, aprobada polo Parlamento de Galicia, é un atentado contra a autonomía universitaria galega, por canto vulnera competencias que son propias da Universidade.

Entre as críticas efectuadas destaca a de non contar con Nova Universidade, quedando fóra de todas as negociacións. Así mesmo, sinalou que durante os meses de xaneiro e febreiro, nos que a Lei se estaba a tramitar no Parlamento de Galicia, non se deu conta ás instancias oportunas, tal e como poñen de manifesto os distintos representantes sindicais. Reprochou ao reitor que se agochara diante do problema, practicando unha política de feitos consumados que contribúe a apoiar as múltiples prácticas neoliberais que se están levando a cabo por parte dos gobernos estatal e autonómico, e que resultan lesivas para o ensino universitario.

Sinala que a lei é incompatíbel co plan de financiamento. Pídelle ao reitor que promova diante dos órganos competentes a impugnación da medida de rebaixa salarial contida na Lei de orzamentos, de 28 de febreiro de 2013, por considerala inconstitucional.

Igualmente critica a falta de información coa que se está desenvolvendo este tema por parte dos órganos de goberno da Universidade de Vigo, pois remata o curso e aínda non se sabe como afectarán os recortes nos distintos colectivos que conforman a comunidade universitaria. Aproveita para dicir que tampouco se sabe se se vai a pagar ou non toda a paga extra.

Pide ao reitor que someta a decisión de modificación salarial ao Consello de Goberno e ao Consello Social. Anuncia unha posible interposición dunha demanda na vía xudicial.

Remata a súa intervención solicitando máis diálogo.

Intervén o Sr. Xan Cebro. Comeza dicindo que non comparte a interpretación que fai o equipo de goberno da norma. Seguidamente, fai un repaso polos temas que significaron un desencontro entre o equipo de goberno e os representantes sindicais. Neste punto, sinala que a Uvigo é a única universidade galega cunha bolsa horaria, que queda a expensas da universidade e

non do traballador, sendo un sistema que vai en contra da conciliación familiar. Tamén salienta discordos na interpretación da solicitude de baixas laborais; que a interpretación que se fai na Uvigo é a máis restritiva do sistema universitario galego. En relación á rebaixa salarial, que está a favor das protestas e reprocha que a Universidade non facilitara a asistencia ás folgas para ir contra as medidas da Xunta de Galicia. Que na primeira reunión da mesa de negociación presentaron unha táboa para explicar a minoración salarial, e que a finalmente aplicada, presentada pola Xerencia nunha posterior reunión, non coincide coa súa, ao incorporar no cálculo o complemento de antigüidade do PAS Funcionario. Respecto de redución do complemento de antigüidade, considera a medida ilegal e inxusta, porque afecta aos traballadores que menos cobran.

Xan Cebro remata dicindo que veñen medidas máis duras e que o reitor debe poñerse ao fronte das reivindicacións.

Intervén o Prof. Bienvenido Díez para renunciar á súa quenda de palabra.

A Profa. María do Carmo Henríquez solicita que conste na acta a súa intervención, a cal figura como **Anexo VI**.

Intervén o Sr. Federico Fernández para pedir que os cartos dos descontos que se fixeron á xente que foi á folga que vaian destinados a unha bolsa económica para axudar ao estudiantado que teñan problemas co pago de matrícula.

O reitor cede a palabra ao Xerente, o cal manifesta que dende o rexeitamento das formulacións de base que sustentan as decisións do Goberno da Xunta de Galicia para solventar a situación de déficit excesivo no que se atopa inmersa a CC.AA, a Universidade coma Administración Pública vese obrigada a aplicar o indicado na Lei 2/2013 de Orzamentos Xerais da CC.AA. de Galicia para o 2013, aprobada polo Parlamento de Galicia, a cal no capítulo dedicado aos gastos de persoal das Universidades Galegas indica que:

- O límite da masa salarial da Uvigo minórase en 4.173.080,00€, un 5,4%. Importe que por outra banda xa se está a detraer da financiación que a Xunta achega a Universidade dende o mes de xaneiro.
- Esta baixa ten que aplicarse sobre as retribucións integras do persoal, ao marxe dos custos sociais soportados pola empresa.
- Que dita minoración salarial ten que aplicarse sobre conceptos retributivos cuxa regulación non sexa competencia estatal. A tal efecto e para garantir que se fai a minoración na porcentaxe establecida introduce dous aspectos:
 - a) Que a minoración salarial aplicase a todo o persoal con independencia da súa relación laboral e da aplicación orzamentaria coa que se financie.
 - b) Que deben efectuarse os axustes precisos sobre os complementos retributivos autonómicos para garantir a minoración da masa salarial.

Informa que nós non participamos na negociación da Lei de Orzamentos, e que cando tivemos coñecemento do seu contido, conxuntamente coas restantes universidades galegas esiximos instrucións claras para a aplicación da norma e da conseguinte minoración salarial. Cando se

dispuxo deses criterios da Dirección Xeral de Orzamentos se lle deu traslado aos representantes sindicais.

Sinala que os complementos de antigüidade son unha decisión autónoma da Uvigo, que é un complemento “ad hoc” decidido unilateralmente e que todos teñen unha contía determinada.

Intervén o reitor para dicir que é de coñecemento de todos os membros do Claustro que as nóminas dos traballadores e traballadoras da Universidade as paga a Xunta de Galicia, as cales están sometidas tanto á lexislación autonómica como estatal.

Que cando se tomaron as primeiras decisións, os reitores fixeron un plante; que estudaron a vía do recurso de inconstitucionalidade ante o Tribunal Constitucional, pero que non foi admitido porque non tiña visos de inconstitucionalidade.

Que non é certo que adoptara unha aptitude pasiva fronte a rebaixa; que se tire de hemerotecas onde se recolle publicamente a súa desconformidade desde que empezou a circular o borrador; que intentou promover cambios na lei, deixando claro que eramos un colectivo distinto; que puxo enriba da mesa o plan de financiamento, evitando outro tipo de axustes; que, lamentablemente, a rebaixa salarial non comporta un incumprimento do plan de financiamento, como tampouco o é a subida de taxas por matrícula;

Vota en falta unha actitude máis proactiva por parte dos grupos parlamentarios.

Por outra banda, sinalou que aínda que a outros colectivos se está aplicando desde xaneiro, a institución non procedeu á rebaixa salarial ata ter a seguridade xurídica de como deben proceder; e que unha vez recibido o documento onde se recollían os criterios que debían rexer o axuste retributivo, deuse a orde para reunir as Mesas de negociación. Estaban esperando unha orde do goberno central (neste punto informou que a Xunta estaba a esperar a normativa estatal para ver si non tiñan que aplicar a norma que eles mesmos aprobaran). Informa que Se só fosen os complementos específicos das pagas extras, sería un rebaixa do 4% da masa salarial da UVIGO, pero que os orzamentos da Xunta esixen unha rebaixa dun 5,40%; que está claro que hai contradicións, pero que deben proceder a aplicala para que o impacto sexa menor; e que a única alternativa a non aplicar isto desde xa, é que todo o persoal quede sen a nómina dalgún dous últimos meses do ano. Buscando fórmulas que minimicen o impacto, o reitor propón que, sen incumprir a táboa da rebaixa salarial imposta pola Xunta de Galicia nas universidades públicas galegas, non se aplique a todas aquelas traballadoras e traballadores que cobren menos de 1,5 veces o salario mínimo interprofesional. Trataríase dunha posible medida que afectaría, entre outros, a numerosos investigadores e investigadoras contratados con cargo a proxectos.

Na mesma liña, o reitor anunciou que, conxuntamente co seu equipo, traballará na busca de medidas dotadas da correspondente seguridade xurídica coas que minguar o impacto da Lei nos vindeiros meses.

Respecto ao complemento por antigüidade, di que o que lle preocupa e que se poda perder dito complemento, pero hai que facer as cousas para blindar a todo o persoal da Universidade cara o futuro; que é o responsable da institución. Que, respecto de que a medida sexa debatida no Consello

de Goberno, informa que non se trata dunha modificación orzamentaria, polo que non é competente o Consello de Goberno.

O reitor di que pretende abrir permanentemente mesas de traballo político; para recoller as propostas que se poidan poñer en marcha, sempre dentro dun amplo marxe de seguridade xurídica; para traballar cos sindicatos co gallo de minimizar o impacto e poñer enriba da mesa as contradicións deste goberno. Di que os traballos cos diferentes axentes sociais da Universidade deben centrarse en buscar que a Lei de orzamentos cambie na súa redacción para 2014, así como tamén a lóxica dos orzamentos da Xunta. E que nesta dirección van dirixidos os seus esforzos; que se é preciso que o reitor encabece reivindicacións ou se reúna para falar cos representantes sindicais, non para falar de cuestións técnicas que para iso está o equipo de xerencia, senón de formulacións políticas cara o futuro, que o fará, pero sempre baseándose na seguridade xurídica.

Intervén Xan Cebro para dicir que non é correcto que se aplique retroactivamente á parte proporcional da paga extra de Nadal dende xaneiro, cando a normativa entrou en vigor en nullo. Respecto ao complemento de antigüidade do PAS Funcionario, recorda que está aprobado no Consello de Goberno e Consello Social, e que está consolidado.

Volve a incidir sobre a falta de resposta aos recursos entablados polos complementos do nivel 16 e 20. Engade que os compañeiros e compañeiras do PAS están fartos da comparación entre a ratio de alumnos/PAS que presenta a UDC e a USC fronte a ratios da UVIGO.

Intervén Sergio Pajares para facer críticas ao equipo de goberno por excluír o complemento de antigüidade no pago das nóminas; que se trata de cantidades importantes para os compañeiros e compañeiras.

Responde o reitor dicindo que a universidade, a diferenza doutras institucións con capacidade de obter ingresos vía tributos, caso dos concellos ou das deputacións, é practicamente imposible pór en marcha medidas dirixidas a recompensar, en certa medida, aos traballadores por estes axustes salariais. O reitor, despois de aceptar as críticas, dixo: que a comunicación sempre pode ser mellorable e que temos que pensar en que se quere facer cara o futuro. E que en breve convocaría reunións de traballo cos representantes sindicais do PAS e do PDI para artellar unha resposta conxunta e viable as políticas que están a desenvolver os gobernos do PP.

Punto 5. Elección do seguinte posto na Mesa do Claustro:

a. Sector PDI-B: 1

O reitor informa que, como xa se dixo ao comezo da sesión, agora se darán 15 minutos para que podan votar todas aquelas persoas que non o fixeron. Rematados os 15 minutos, procederase ao recuento de votos e, seguidamente, ao último punto da orde do día, que é rogos e preguntas.

O reitor cede a palabra á secretaria xeral, quen informa que só se presentou a seguinte candidatura:

- D. José María Gil Villanueva, Prof. da Fac. de Ciencias da Educación e do Deporte. Leva como suplente a Dna. M^a Paloma Cabello Pérez, profesora da Facultade de Belas Artes.

A secretaria xeral informa que, dado que só se presentou unha candidatura, non é preciso celebrar eleccións e D. José María Gil Villanueva pasa a formar parte da Mesa do Claustro.

Punto 6. Elección dos seguintes postos no Consello de Goberno:

a. Sector Decanos-as/Directores-as: 5

O reitor cede a palabra á secretaria xeral, quen informa que se presentaron as seguintes candidaturas:

- Dna. M^a Dolores Garza Gil, directora do Departamento de Economía Aplicada
- Dna. Eva M^a Lantarón Caeiro, decana da Facultade de Fisioterapia
- D. Henrique Lorenzo Cimadevila, director do Departamento de Enxeñaría de Recursos Naturais e Medio Ambiente
- D. Adolfo Pérez Abellás, director do Departamento de Didáctica, Organización Escolar e Métodos de Investigación
- Dna. Ana M^a Pita Grandal, decana da Facultade de CC. Xurídicas
- D. José Benito Vázquez Dorrío, director da Escola de Enxeñaría de Minas
- Dna. Celia Vázquez García, directora do Departamento de Filoloxía Inglesa, Francesa e Alemana

Dado que se presentaron máis candidaturas que postos a cubrir, é preciso realizar eleccións.

Efectuada a votación e o recuento dos 76 votos emitidos, os resultados foron:

- Dna. M^a Dolores Garza Gil: 11 votos
- Dna. Eva M^a Lantarón Caeiro: 35 votos
- D. Henrique Lorenzo Cimadevila: 45 votos
- D. Adolfo Pérez Abellás: 13 votos
- Dna. Ana M^a Pita Grandal: 33 votos
- D. José Benito Vázquez Dorrío: 6 votos
- Dna. Celia Vázquez García: 15 votos

A secretaria xeral informa que en función dos votos emitidos, os novos postos no Consello de Goberno serán ocupados por:

- Dna. Eva M^a Lantarón Caeiro, decana da Facultade de Fisioterapia
- D. Henrique Lorenzo Cimadevila, Dir. do Dpto. de Enxeñaría de Recursos Naturais e Medio Ambiente

- D. Adolfo Pérez Abellás, Dir. do Dpto. de Didáctica, Organización Escolar e Métodos de Investigación
- Dna. Ana M^a Pita Grandal, decana da Facultade de CC.XX. e do Traballo
- Dna. Celia Vázquez García, Dir. do Dpto. de Filoloxía Inglesa, Francesa e Alemana.

Punto 7. Elección dos seguintes postos no Tribunal de Garantías:

a. Sector Estudiantes: 1

O reitor cede a palabra á secretaria xeral, quen informa que se presentaron as seguintes candidaturas:

- D. Ignacio Chantada Saborido, estudante matriculado na Facultade de CC.EE. e Turismo.
- D. José David Díaz Vázquez, estudante de 3º ciclo.

A secretaria xeral di que hai que celebrar eleccións, xa que de acordo co artigo 143.3 dos Estatutos, os candidatos teñen que obter 2/3 dos votos dos claustrais presentes do seu sector. Engade que só poderán votar os estudantes e que as papeletas son de cor rosa.

Efectuada a votación e o recuento, dos 3 votos emitidos, os resultados foron:

- D. Ignacio Chantada Saborido: 1 voto.
- D. José David Diaz Vázquez: 2 votos.

A secretaria xeral di que queda vacante o posto no Tribunal de Garantías.

Punto 8. Elección dun posto na Comisión de Reclamacións.

Presentouse a seguinte candidatura:

- Dna. Ángeles Parrilla Latas, Profa. da Facultade de CC. da Educación e do Deporte.

A secretaria xeral informa que dado que se presentou unha soa candidatura e soamente hai un posto que cubrir, non é preciso celebrar eleccións e pasa a ocupar a vacante na Comisión de Reclamacións: Dna. Ángeles Parrilla Latas.

Punto 9. Rogos e preguntas.

Intervén Marcos González, representante de alumnos da Escola de Minas, para protestar polo recargo na matrícula no caso de impago ou atraso. Sinala que estamos nunha conxuntura caracterizada pola crise económica que provoca falta de liquidez nas familias; solicita ao reitor un sistema de bolsas de urxencia para que os estudantes poidan facer fronte aos impagos.

O reitor responde que se fraccionou o pago na matrícula en varios prazos e que se procedeu a rebaxar a taxa de recargo do 20 % ao 10%; que de ningún xeito os recargos perseguen un afán recadatorio. Que se aprobou no Consello de Goberno, do 13 de xuño, unha convocatoria de axudas para curso académico 2013/2014 que teñen como destinatarios estudantes da Universidade de Vigo con dificultades económicas sobrevidas, que o fondo inicial é de 30000 euros.

Intervén a Prof. María do Carmo Henriques para, entre outras cuestións, rogar que se tome en consideración as recomendacións do Tribunal de Garantías.

Felicita aos claustrais polo clima en que se desenvolveron as deliberacións, e fai alegacións que constan no documento que a profesora solicita que se anexe a acta (**Anexo VII**).

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14:00 horas do día 17 de xuño de 2013, da que eu como Secretaria Xeral dou fe co vº. e pr. do Reitor.

O Reitor
Salustiano Mato de la Iglesia

A Secretaria Xeral
M^a Inmaculada Valeije Álvarez